



COMEDOR ESCOLAR 2020-2021 COLABORADOR/A

INFORMACIÓN AOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

Orde do 21 de febreiro de 2007, de comedores escolares

Entenderase como servizo de comedor, os servizos de xantar e de atención aos alumnos e alumnas nos períodos de tempo libre anterior e posterior, nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O persoal de atención educativa, apoio e vixiancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.*
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.*
- Axudar aos alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.*
- Informar ao equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquél o poña en coñecemento das familias.*
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.*

Dacordo coa Lei 26/2015, de 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á Infancia e á Adolescencia, establécese que TODAS as persoas que desexen colaborar no comedor escolar, deberáselles esixir que acompañen a esta solicitude de colaboración, a acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais. Este papel solicitarase nos Xulgados (edificio novo, O Couto).

- ⚡ Estas prazas cubriranse, previa solicitude á dirección do Centro, e será competencia do Consello Escolar a selección das persoas colaboradoras, sempre que o número de solicitudes supere o número de prazas.
- ⚡ **IMPORTANTE:** Nos criterios de selección, valorarase ter realizado e en vigor, o Certificado de Manipulador/a de Alimentos, así como calquera outro curso relacionado coa función que se vai a realizar.

SOLICITUDE PRAZA COMO COLABORADOR/A DO COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021

D/Dna.....

Pai/nai/titor/a do alumno/a.....
 matriculado no curso Grupo.....

ENDEREZO:.....
 TELÉFONOS:.....

PAI/NAI DE FAMILIA NUMEROSA (SI/NON):.....
 Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:.....
 Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR EN SITUACIÓN DE PARO:.....
 O SOLICITANTE DESEMPEÑA TRABALLO REMUNERADO (SI/NON):.....

(Se o solicitante está nalgunha das situacións anteriores deberá presentar a documentación que o acredite)

Data: Ourense a.....de.....de 2019

Sinatura